


Plan Anual de Formación Dixital

I.E.S. POETA AÑÓN



ÍNDICE

Introdución.....	2
Características do centro educativo e o seu entorno.....	2
Características do alumnado.....	4
Características do profesorado.....	4
Xustificación das TIC na educación.....	5
Obxectivos.....	7
Obxectivos xerais do centro.....	7
Obxectivos xerais do profesorado.....	8
Obxectivos xerais do alumnado.....	9
Obxectivos xerais da comunidade educativa.....	9
Metodoloxía.....	9
Recursos TIC do centro.....	10
Inventario.....	10
Normas de uso.....	11
No relativo ao profesorado.....	11
No relativo ao alumnado.....	12
Plan de mantemento.....	13
Proxecto Abalar.....	13
Proxecto E-DIXGAL.....	13
Normas de uso do equipamento E-DIXGAL.....	14
Contribución dos departamentos ao Plan Anual de Formación Dixital.....	14
Departamento de Bioloxía.....	14
Departamento de Ciencias Sociais.....	15
Departamento de Educación Física.....	15
Departamento de Educación Plástica e Visual.....	16
Departamento de Física e Química.....	18
Departamento de Francés.....	20
Departamento de Galego.....	20
Departamento de Inglés.....	21
Departamento de Lingua Castelá e Literatura.....	22
Departamento de Matemáticas.....	23
Departamento de Música.....	24
Departamento de Orientación.....	24
Departamento de Relixión.....	25
Departamento de Tecnoloxía.....	25
Biblioteca.....	27
Atención ao alumnado con necesidades específicas.....	27
Medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade.....	27
Medidas para evitar o ciberacoso.....	28
Avaliación do Plan Anual de Formación Dixital.....	29
Medidas para a difusión deste proxecto.....	30
Plan de actuación.....	30
Membros do equipo TIC.....	30
Coordinador TIC.....	30
Mantemento e actualización da páxina web do centro.....	30
Descrición da situación actual.....	30
Obxectivos para este curso.....	31
Planificación.....	32
Formación do profesorado. Detección de necesidades formativas.....	33
Avaliación do Plan Anual de Formación Dixital – Curso 2018-2019.....	33

Introdución

Este Plan Anual de Formación Dixital pretende favorecer un cambio metodolóxico que permita un mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo na aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social, e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos rapaces e das rapazas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información; en definitiva, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das mesmas como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Características do centro educativo e o seu entorno.


Na actualidade o centro ten dous grupos en cada un dos cursos da Educación Secundaria Obrigatoria agás en 4º ESO no que hai só un grupo. Ofrece tamén estudos de Educación Secundaria para Adultos.

O IES Poeta Añón pertence ao concello de Outes e está situado na capital municipal, A Serra de Outes. Este municipio atópase no suroeste da provincia de A Coruña, ocupando máis da metade da parte setentrional da ría que forma o río Tambre. Limita cos municipios de Noia, Mazaricos, Muros e Negreira. A Serra de Outes dista 7 km de Noia, 15 de A Picota (Mazaricos), 25 de Muros, 40 de Santiago e 105 da capital provincial. A súa superficie é de 100 quilómetros cadrados e está dividida en 10 parroquias.


O total de habitantes do concello é de 6412 persoas, segundo o censo realizado en 2018, o cal supón unha densidade de 64 habitantes por km²; se ben a poboación tende a concentrarse no litoral, de xeito que a maioría vive nuns cantos núcleos próximos á costa: A Serra, O Freixo, Serantes-Vara, Cruceiro de Roo e Pontenafonso, que suman en total máis da metade da poboación. Hai que salientar que a idade media dos habitantes deste concello aumentou considerablemente desde finais do século pasado, pasando de 44,5 anos de media no ano 1999 aos 51,4 anos no ano

2014, algo que unido ao descenso sufrido pola poboación nestes mesmos anos leva a que o número de alumnos do centro sexa cada vez menor.

No seguinte gráfico pódese ver a evolución da poboación do Concello de Outes:



Neste outro pode observarse a pirámide de poboación no ano 2018:



Trátase dun concello agrícola, gandeiro e marisqueiro, aínda que tamén existe unha poboación dedicada á industria, na que hai que destacar serradoiros, estaleiros e construción. Ten tamén importancia o sector servizos, sobre todo a hostalería coa existencia de diversas casas de turismo rural.

Conta cunha serie de servizos recentes: un centro médico situado na capital municipal inaugurado en 1998; un Centro Social que comezou a funcionar en 1988; o CAPM data de 2007.

As súas características orográficas fan que o alumnado, residente en distintas zonas rurais dispersas, dependa nun 90% dos casos do transporte escolar para acceder ao centro.

Características do alumnado.

O alumnado do centro e as súas familias viven, nunha parte importante, nunha zona de tipo rural na que a implantación das novas tecnoloxías, en especial a posibilidade de conectarse a internet, levan certo atraso en relación a outras nas que xa fai anos que contan coa posibilidade de dispor dunha boa conexión a internet nas súas casas. Ademais, o nivel socio económico é baixo ou moi baixo nunha importante cantidade de casos, sendo este feito unha das causas da perda de poboación que está a sufrir o Concello de Outes desde fai varias décadas.

Ben é certo que a porcentaxe do alumnado que dispón de conexión a internet nas súas casas vai aumentando curso tras curso e que cada vez con mellores prestacións, pero na maioría dos casos a conexión da que dispoñen segue sendo dunha velocidade moi mellorable.

Por outra parte, o centro é de marcado carácter rural e case a totalidade do alumnado fala e se desenvolve en galego, tanto na súa casa como no centro educativo.

Como dato positivo temos que salienta o bo grao de convivencia que se dá entre o alumnado e a súa relación co profesorado, sendo anecdóticos os casos problemáticos dentro do alumnado.

Características do profesorado.

En canto ao profesorado do centro e a súa relación coas novas tecnoloxías pódese considerar que non difire do que se poida atopar noutros centros de ensino, sendo variado tanto o seu interese polo incremento do uso de novas tecnoloxías na aula como a súa formación de cara ao seu aproveitamento.

A realidade actual, no que respecta ao IES Poeta Añón e unha vez feita a preceptiva detección de necesidades, é que o profesorado necesita unha formación

axeitada e específica, que permita o aproveitamento educativo destes recursos e que logre confianza no seu uso. Consegur isto suporía un avance cualitativo na práctica pedagóxica do noso centro, coa conseguinte mellora das condicións organizativas e de funcionamento do centro.

Durante este curso, e a raíz da implantación do Proxecto E-DIXGAL no noso centro, vaise facer unha formación específica para procurar un aproveitamento óptimo dos novos recursos dos que dispoñemos. Hai que salientar que dun total de 24 docentes participan na formación 21 deles. Ademais desta formación, relativa á implantación do Libro Dixital en 1º da ESO e ao uso do entorno virtual de aprendizaxe (EVA E-DIXGAL), sempre se resolven cantidade de dúbidas e se axuda nas dificultades que aparecen en múltiples ocasións.

Xustificación das TIC na educación.

Na actualidade, a grande aposta en materia de TIC no noso centro é o Proxecto E-DIXGAL, que comezou a súa andaina neste curso coa súa implantación en 1º ESO.

Por outra parte segue vixente o Plan Abalar, do que formamos parte desde o ano 2010. Este proxecto xurdiu con grandes expectativas e segue a ser ambicioso, a pesares do consabido efecto que os avances tecnolóxicos producen nos equipos que contan cuns anos de uso. O proxecto en si busca maximizar o aproveitamento dos recursos e coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e a modernización do ensino, a mesma idea na se quere afondar a partir de agora co proxecto E-DIXGAL. O seu obxectivo principal é a conversión dos centros de ensino en centros educativos dixitais coa finalidade de acadar a plena alfabetización das TIC entre a comunidade educativa, modernizar o sistema educativo galego, mellorar a calidade da ensinanza en Galicia e reducir o fracaso escolar. O uso do material do Plan Abalar non implicaba que o alumnado non dispuxese dos libros e do material que cada docente estimase oportuno para o mellor desenvolvemento do seu traballo co alumnado, é unha ferramenta máis a dispor dos docentes e do alumnado.

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación son unha ferramenta de aprendizaxe, investigación e comunicación integrada no traballo das diferentes áreas curriculares ao longo das diferentes etapas educativas e a día de hoxe é impensable non formar ao noso alumnado no uso das mesmas. No noso centro impártese no curso de 1º de ESO a materia de libre configuración de INTRODUCCIÓN AO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, que ten como obxectivo principal a formación do alumnado que chega ao centro no uso das novas tecnoloxías e, en especial, na elaboración e presentación de traballos formato dixital.

A *Lei orgánica 8/2013*, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, coñecida como LOMCE, vén modificar nalgúns aspectos a anterior LOE. Non introduce cambios no que á competencia dixital do alumnado se refire e si que, por primeira vez, se alude de forma superficial na normativa educativa á competencia dixital docente.

Unha das grandes propostas da LOMCE é intensificar o uso das TIC e para isto proponse:

- *A extensión do concepto de aula no tempo e no espazo: contornas virtuais de aprendizaxe.*
- *A utilización compartida das plataformas dixitais e tecnolóxicas do Ministerio por administracións educativas, centros docentes, profesorado e alumnado.*
- *A selección de recursos dixitais de calidade e recoñecemento das achegas da comunidade educativa que cumpran certos requisitos de calidade.*
- *O establecemento de estándares de interoperatividade.*

A *lei orgánica 2/2006*, de 3 de maio, no seu artigo 23. e o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño*, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu *artigo 10.e* (Obxectivos da educación secundaria obrigatoria) menciona que:

“A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.”

Asemade, neste mesmo decreto, no seu *artigo 11.6* (Principios metodolóxicos) indica que:

“Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.”

Polo tanto, contéplase a elaboración dun **plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación** que implique unha **formación dixital**, cun cambio metodolóxico e unha adaptación a esta nova realidade para un mellor aproveitamento das posibilidades que estas tecnoloxías ofrecen, contemplando a integración da información e a comunicación a nivel de centro e de aula. Perséguese

o obxectivo de que o rematar a escolarización, o alumnado acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento. Para isto:

- *Incorpora diferentes habilidades que van desde o acceso a información coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte a cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).*
- *Outro aspecto fundamental á a capacidade de transmitir esa información, unha vez analizada e tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.*
- *Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora); linguaxes que lles resultan, ata certo punto, moi familiares.*

A competencia no emprego das tecnoloxías da información e da comunicación implica a súa utilización na dobre función de transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento, permitindo procesar e xestionar adecuadamente información abundante e complexa, resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en colaboración ampliando os contornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais, e xerar producións responsables e creativas.

Obxectivos

Obxectivos xerais do centro.

- *Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.*
- *Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.*
- *Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación en condicións de igualdade por parte de persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais.*
- *Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de formación de toda a comunidade educativa.*
- *Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do centro: programacións, memorias, plans, ...*
- *Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte do alumnado con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.*

- *Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de Internet con capacidade de procura de información, tratamento crítico da mesma e da súa eficiente transmisión.*
- *Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto con outros costumes e outras formas de vida.*
- *Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do centro: páxina web, plan lector, actividades culturais, etc.*
- *Lograr que a comunidade educativa dispoña de equipos suficientes e en boas condicións de uso para poder acceder ao uso das TIC de xeito doado.*

Obxectivos xerais do profesorado.

- *Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.*
- *Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...*
- *Aprender a utilizar de forma básica ferramentas que permitan a introdución de novos hábitos na actividade docente, ben co uso directo de internet ou coa elaboración de material didáctico.*
- *Aprender a catalogar e procurar materiais didácticos, tendo como soporte os recursos e a información en Internet.*
- *Introducir nas programacións de aula obxectivos e actividades didácticas que teñan como recurso de ensino e aprendizaxe as tecnoloxías da información e da comunicación.*
- *Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.*
- *Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.*
- *Empregar as TIC para a coordinación coa dirección: solicitude de permisos, de actividades extraescolares, actas de departamentos, ...*
- *Introducir no Xade as faltas de asistencia do alumnado dende calquera ordenador do centro e mesmo desde os dispositivos de uso persoal.*
- *Solicitar e/ou recibir información para as titorías a través do correo electrónico ou de formularios dixitais creados a tal efecto.*

Obxectivos xerais do alumnado.

- *Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.*
- *Fornecer ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.*
- *Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.*
- *Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.*
- *Potenciar a comunicación cos seus iguais.*
- *Fomentar e facilitar o uso da biblioteca.*
- *Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.*

Obxectivos xerais da comunidade educativa.

- *Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación, sendo un elemento común de información e contacto con todos os axentes do proceso facilitando por esta vía a conexión entre eles.*
- *Poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.*

Metodoloxía.

A consecución dos obxectivos xerais mencionados están ligados á plena integración, como unha ferramenta máis, das novas tecnoloxías nos centros educativos. Este feito obriga a unha reestruturación profunda no sector educativo, comezando por un cambio metodolóxico dirixido a:

- *Modificar os elementos e a concepción do currículo e, como consecuencia, adoptar medidas innovadoras na actividade educativa cotiá, tales como a procura de recursos para a aula, o intercambio de experiencias con outros centros e profesores/as, a participación en redes profesionais, etc., tentando desta forma transformar os procedementos habituais de transmisión da información e crear novas vías de ensino e aprendizaxe.*

- *Formar ao alumnado fomentando a súa independencia en relación á aprendizaxe, de xeito que sexan progresivamente máis capaces de procurar, seleccionar, organizar e tratar a información necesaria.*
- *Fomentar un traballo no que a colaboración entre o profesorado sexa máis fluída, fomentando a predisposición ao contacto con outros profesionais doutros centros.*

Recursos TIC do centro

Inventario.

O material informático do centro está identificado, pero falta ter unha relación completa das características de cada un dos equipos.

En calquera caso cabe salientar que na actualidade o centro conta cos seguintes recursos:

- *Aula de Informática 1: Dotada con 20 ordenadores, un deles está destinado ao uso do docente que utilice a aula. Dispón tamén dun proxector, dun encerado branco e dunha impresora láser.*
- *Aula de Informática 2: Dotada con 20 ordenadores, un deles está destinado ao uso do docente que utilice a aula. Dispón tamén dun proxector, dun encerado dixital interactivo e dunha impresora láser.*
- *Aula de usos múltiples: Un proxector e un encerado branco.*
- *Aula de Educación Plástica e Visual: Dispón dun ordenador portátil.*
- *Aula de Música: Dispón dun ordenador fixo e dun ordenador portátil.*
- *Aulas de 1º de ESO: Dispoñen da dotación tipo dunha aula do proxecto E-DIXGAL.*
- *Aulas de 2º de ESO: Dispoñen da dotación tipo dunha aula Abalar.*
- *Aulas de 3º e 4º de ESO: Dispoñen dun ordenador portátil, dun proxector e dun encerado dixital.*
- *Aulas de desdobre: Dispoñen de proxector e encerado branco.*
- *Biblioteca: Seis ordenadores para uso do alumnado e un para a xestión. Dispón tamén dunha impresora láser e dunha impresora multifunción.*
- *Departamentos: Dispoñen de equipamento informático os departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias Sociais, Tecnoloxía, Francés, Inglés, Orientación, que dispón dun ordenador e dunha impresora láser B/N, o departamento de Educación Plástica e Visual, que dispón dun equipo portátil, e o departamento de Música que dispón dun ordenador de sobremesa na aula. No resto dos departamentos non hai equipamento, agás algún “traído” da súa casa por parte dalgún profesor ou*

profesora. Coa adquisición de novos ordenadores para os departamentos preténdese mellorar o acceso do profesorado ao uso dos equipos informáticos, que é un dos obxectivos deste plan. Está previsto que na medida das posibilidades económicas das que dispoña o centro se vaian dotando con novos equipos ao resto dos departamentos.

- *Sala do profesorado: Cinco ordenadores, dedicándose un deles en exclusiva a tarefas relacionadas coa xestión do centro. Dispón tamén dunha impresora multifunción.*
- *Dirección: Un ordenador e unha impresora láser.*
- *Xefatura de estudos, xefatura de estudos para adultos, secretaría e vicedirección: Cada unha cun ordenador.*
- *Administración: Un ordenador e impresora láser.*
- *Outros recursos: Fotocopiadora e máquina multicopista en conserxería, 1 portátil, 1 proxector e un servidor de recursos que forma parte da dotación correspondente ao proxecto Abalar.*

Normas de uso.

En relación ao emprego dos recursos informáticos do centro, especialmente do dispoñible nas aulas de informática e da biblioteca, por seren usadas normalmente polo alumnado, recoméndase atender ás seguintes normas de uso:

No relativo ao profesorado

- *O profesorado velará polo adecuado e correcto uso dos recursos informáticos do centro, especialmente do destinado nas aulas de informática e da biblioteca.*
- *Está prohibido facilitar os contrasinais dalgunha das contas con privilexios de administrador de equipo ao alumnado. Por motivos de seguridade os usuarios sempre empregarán, segundo o caso, as contas de profesorado, alumno ou invitado con privilexios restrinxidos.*
- *Ao terminar a clase, o alumnado sairá da aula e o docente responsable do grupo pechará con chave a aula asegurándose de que os ordenadores quedan apagados.*
- *Non se garante a integridade dos datos ou arquivos que se depositen nos ordenadores do centro, xa que son equipos de uso compartido, tanto no que se refire ao que normalmente usa o alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas como os usados polo profesorado. Por iso recoméndase a tódolos usuarios que almacenen os seus traballos na súa propia unidade de memoria extraíble USB ou ben utilicen algún dos servizos gratuítos de almacenamento en internet.*
- *Calquera incidencia de hardware ou de software será comunicada a través da folla de incidencia informática que á súa disposición estarán colocadas nos cortizos das aulas,*

no cortizo da sala de profesores e na conserxería. Esta folla de incidencia entregárase cumprimentada en conserxería.

- *No caso de que un docente necesite da instalación dalgún programa realizará a súa solicitude a través da folla de incidencia informática.*

No relativo ao alumnado

- *Con carácter xeral, nas aulas observarase unha conduta respectuosa coas persoas e co material tal e como se establece no RRI, recordándose que non está permitido introducir nas aulas de informática comidas e/ou bebidas nin utilizar as aulas de informática como lugar de faladoiro ou xogos.*
- *Ademais considéranse condutas contrarias ás normas de convivencia modificar a configuración dos equipos informáticos, tanto no que afecta ao hardware como ao software.*
- *O alumnado non pode quedar só na aula cos equipos informáticos. En todo caso, aínda que se dera esta circunstancia, non está autorizado a facer uso dos equipos informáticos sen a previa autorización dun profesor ou profesora.*
- *O uso dos equipos informáticos farase de acordo coas indicacións do docente responsable quedando prohibida a manipulación non autorizada de calquera equipo distinto do posto de traballo asignado ao alumnado correspondente.*
- *Non se permite o cambio de fondos de pantalla ou o aspecto do escritorio do equipo correspondente.*
- *O almacenamento ou manipulación de información para realizar actividades, traballos, etc., debe ser en todo momento respectuoso co resto de compañeiros e compañeiras, así como co profesorado ou con calquera outro membro da comunidade educativa do centro; prohibíndose de xeito xeral o manexo de contidos ilegais, discriminatorios ou ofensivos.*
- *O alumnado ten dereito a empregar os recursos informáticos que o centro pon á súa disposición, adquirindo o compromiso de coidar estes recursos e empregarlos con fins educativos.*
- *Cando ocorra algunha incidencia de hardware ou de software no equipo no que está traballando, o alumno ou alumna debe comunicalo ao profesor/a presente na aula e cubrir a folla de incidencia informática que a tal efecto estará no cortizo da aula ou en conserxería. Esta folla de incidencia debidamente cumprimentada será entrega en conserxería.*

Plan de mantemento.

Para axilizar a comunicación e resolución das incidencias informáticas, o profesorado e alumnado do centro terá á súa disposición nos cortizos das aulas e en conserxería un modelo de folla de incidencia informática. Esta folla de incidencia debidamente cumprimentada deberá entregarse en conserxería. Desta forma, centralízase a súa comunicación, axilízase a súa resolución e créase un rexistro das mesmas que facilita, en determinadas situacións, a posibilidade de previlas.

Cando as circunstancias o requiran e debido a un emprego continuado por parte do alumnado de determinados equipos informáticos (aulas de informática e biblioteca), procederase a reinstalación dos ordenadores que presenten unha baixa eficiencia no seu funcionamento. Este feito motivará que ben a final de curso ou ao comezo do mesmo as aulas de informática poidan permanecer pechadas.

Proxecto Abalar.

O IES Poeta Añón foi un dos centros seleccionados para a implantación do proxecto Abalar en primeira fase no curso 2010-2011 e en segunda fase no curso 2011-2012. Na actualidade conta con 2 aulas de en segundo da ESO, ao implantarse neste curso 2018-2019 o proxecto E-DIXGAL en 1º da ESO.

Dado que os equipos das aulas de 1º de ESO pertencentes ao Plan Abalar xa non se usan nas mesmas, estamos utilizando eses equipos segundo as necesidades de cada momento. O habitual é utilizalos nas clases de reforzo, de apoio e en 3º de ESO.

Durante o curso 2010-2011 e no marco da formación no equipamento das aulas abalar e nas ferramentas informáticas imprescindibles para o seu uso, desenvolvéronse unha serie de documentos que regulan o funcionamento destas aulas e do seu equipamento.

Proxecto E-DIXGAL.

O IES Poeta Añón foi un dos centros seleccionados para a implantación do proxecto E-DIXGAL neste curso 2018-2019 en 1º da ESO, prevéndose a ampliación do mesmo ao nivel de 2º da ESO no vindeiro curso.

Creo que non sobra facer unha crítica seria a este proceso; para a súa posta en marcha esixíase un mínimo de 6 materias (departamentos) coas que traballar utilizando os materiais dispoñibles, pero o que o descoñecía todo o profesorado, cando menos no noso centro, era que iso implicaba que o resto se vise *obligado* a traballar tamén con eses materiais; cando é máis que probable que o seu rexeitamento inicial á adhesión do noso centro a este plan tivese moito que ver co feito de que non consideren idóneos os materiais cos que contan para a materia que

imparten. Non parece xusto nin razoable que se faga deste xeito; con isto só se consegue que se provoque unha sensación de desencanto coa esencia mesma do proxecto e un desinterese que en nada favorece o aproveitamento óptimo destas ferramentas.

Normas de uso do equipamento E-DIXGAL.

Tendo en conta que o alumnado ten asignado un equipo, tendo rexistrado o correspondente número de serie, deben identificalo dun xeito cómodo etiquetándoos co nome de cada un. O alumnado e as súas familias son os responsables da súa utilización e coidado, estando suxeitos ás normas xerais de uso de calquera dos elementos cos que está dotado o centro.

A novidade con respecto ao proxecto ABALAR é que neste caso poden levar o equipo para o seu domicilio e polo tanto débese exercer un control exhaustivo para que, desde o centro, poidamos saber se un equipo está ou non na aula.

Para isto acordouse que o alumnado que leve o equipo para a casa rexistre este feito en conserxería, onde se lle facilitará o maletín correspondente ao equipo. Para un maior control o conserxe encargárase de revisar, ao remate das clases, que o resto dos equipos estean no carro de carga da aula. Tódolos alumnos/as que leven o ordenador para o domicilio teñen a obriga de traer o equipo ao centro o seguinte día lectivo, sendo o primeiro docente que teña clase nesa aula o que verifique que non falta ningún equipo.

Contribución dos departamentos ao Plan Anual de Formación Dixital

Departamento de Bioloxía

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións.

A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos/as, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital, e dicir, que dispoña de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento

Para poñer en práctica este plan de traballo, recorreremos a :

- *Utilizar e aproveitar os recursos existentes no centro en beneficio do proxecto, DVDs, películas científicas etc.*

- *Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.*
- *Dotar o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.*

Departamento de Ciencias Sociais

- *Fomentar que o alumnado utilice ferramentas como internet ou programas como LibreOffice Impress, LibreOffice Writer, Google Earth; saber calcular unha ruta en internet, escoller páxinas onde a información é veraz e descartar outras nas que non o é; localizar unha noticia no xornal do día ou na hemeroteca dixital, comparar o tratamento dunha noticia en distintos xornais, localizar lugares na cartografía en liña, localizar imaxes de lugares ou obras artísticas, conseguir mapas mudos ou realizar crebacabezas en liña para aprender os países do mundo ou as provincias españolas ...*
- *Tentar de utilizar a aula de informática cando menos unha vez por tema e ensinarlle ao alumnado a buscar información relacionada co tema a estudar mediante buscadores como Google ou enciclopedias en liña como Wikipedia ou Galipedia e amosarlles páxinas web de calidade onde atopar máis información.*
- *A utilización habitual da prensa escrita complementarase de cando en vez coa prensa dixital, non só galega ou española senón tamén de lugares distantes como Reino Unido, Francia, USA ou China ou Xapón.*
- *O noso centro educativo está incluído no Proxecto ABALAR da Consellería de Educación, proxecto que intenta progresivamente introducir o manexo dos ordenadores nas aulas. Pensamos que facilitará en gran medida o uso das novas tecnoloxías tanto para o alumnado como para o profesorado destes grupos, pois as aulas contarán coa instalación de ordenadores persoais para alumnado e profesor, encerado dixital e canón.*

Departamento de Educación Física

Debido aos continuos avances no tratamento, presentación e distribución da información faise necesaria a utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación (T.I.C.) en todas as áreas do currículo.

Neste departamento tratarase de adaptar a metodoloxía de traballo incluíndo as TIC sempre que sexa posible no desenvolvemento das sesións, así como nas actividades que realice o alumnado.

Podemos destacar as seguintes actuacións:

- *Procura de información a través de Internet (ao mesmo tempo que se intentará desenvolver o espírito crítico, analizando a procedencia desas informacións, contrastándoa con outras, etc).*
- *Presentación de Contidos en distintos formatos: arquivos informáticos, páxinas web especializadas na nosa materia, presentacións multimedia, proxección de películas en formato vídeo ou DVD...*
- *Gravación en vídeo dalgunhas sesións, para que o seu posterior visionado contribúa á análise e avaliación das actividades.*

Para a realización de todo o anteriormente mencionado necesítase recorrer á utilización de espazos diferentes á aula de referencia do alumnado e á aula específica (Ximnasio), destacando entre outros o aula de Informática, Audiovisuais e por suposto a Biblioteca Escolar, na que podemos atopar diferentes formatos no tratamento da información.

Departamento de Educación Plástica e Visual

Dende o punto de vista educativo o uso das T.I.C. permítenos introducir contido hipertextual multimedia que amplía e complementa as horas lectivas destinadas á materia e prepara o alumnado en moitas das competencias básicas presentes no Currículo de la Educación Plástica e Visual en Secundaria (artística, dixital, tratamento da información....) Tamén facilita establecer co alumnado unha comunicación mas áxil e orientarlles a través dos contidos e prácticas da materia sacando rendemento a un dos medios preferidos polos xoves, Internet.

Internet tamén pode ser unha potente ferramenta educativa e comunicativa que motive o alumnado a mirar, observar, ler e percibir a través dun dos medios que máis explota as posibilidades da linguaxe escrita e a linguaxe visual á vez que lle esixe un espírito crítico na lectura dos artigos e na elección dos enlaces.

De igual modo, os/as alumnos/as entran en contacto de forma sinxela cos entornos audiovisuais e multimedia, contidos fundamentais no Currículo da materia, e aprenden a valorar as Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación como ferramentas de coñecemento e experimentación que lles van ser útiles como medios de expresión, creación e aprendizaxe.

Nunha materia como esta, na que a imaxe é un dos eixos fundamentais, a utilización do computador convértese en algo case imprescindible para o tratamento de imaxes tanto fixas coma en movemento.

Por outra parte este departamento depende da dotación do centro e dos horarios de petición do material xa que a aula non conta co material necesario para facer uso das T.I.C.

- *Utilizar Internet con fins educativos e culturais e, coma complemento doutros medios de comunicación e de coñecemento. Isto implica coñecer os lados positivos e negativos da Rede, e por ilo temos que preparar os/as estudantes para un uso seguro e eficaz de Internet.*

Cando nos referimos aos recursos educativos web falamos dos materiais conceptuais ou contidos aloxados en sitios web e ferramentas ou aplicacións dos que podemos dispor en internet coa finalidade de enriquecer a aprendizaxe dos estudantes en actividades que incorporan o uso de estes recursos.

Internet non so é unha inmensa rede de contidos de diverso tipo que se conectan por enlace hipertextual e proporcionan representacións múltiples da realidade con facilidades multimedia, senón que tamén é unha tecnoloxía de comunicación que fomenta a interacción co medio e outras persoas, facilitando así unha aprendizaxe socio-construtivo e cooperativo centrando nas necesidades do estudante e a súa autonomía.

- *Uso do blog como ferramenta educativa: <http://papelenbranco.blogspot.com>*

É relativamente fácil introducir un blog na aula coma recurso educativo, grazas a que non require ferramentas moi especiais. Tan so un ordenador conectado a Internet e un navegador web.

Para o docente ou institución educativa, o blog pode converterse na ferramenta que aporta máis dinamismo ao sistema de ensino-aprendizaxe. O blog ofrece ademais unha nova oportunidade de traballar no mundo da imaxe e da lingua escrita, seleccionando a información mais axeitada, resolvendo dúbidas, ampliando coñecemento coa información manexada. Algunhas entradas e vídeos seleccionados están en diferentes idiomas reforzando o plurilingüismo existente en Internet.

- *Os programas que aprendemos a utilizar son os relacionados coa actividade de Stop-Motion. Estes programas son necesarios para poder editar os seus proxectos, programas de edición adecuados e de fácil manexo, como Movie Maker, AVS, ...*
- *Incorporar coñecementos dalgún programa para o seu uso na presentación de proxectos, como **Prezi**, un editor de presentacións online dinámico.*
- *Tamén se traballará con algún programa básico de edición fotográfica e deseño gráfico.*
- *Realizar traballos e expoñelos en YouTube.*

ACTIVIDADES

As posibles actividades que se poden realizar, son:

- *Xeometría básica e utilización dos materiais de debuxo en páxinas web.*
- *Debuxar e colorear con pincel virtual.*
- *Ritmo, simetrías, mosaicos.*
- *Arte galega e visitas virtuais a museos e galerías.*
- *Percepción da forma, do espazo e ilusiós ópticas.*
- *Utilización dos Programas en 2D e 3D para logos e tratamento da cor, luz e sombra, mesturas, veladuras,...*
- *Arquitectura e arte galega.*
- *Análise da obra de arte.*
- *Cómic, historia, exercicios prácticos.*
- *A proporción nas formas.*
- *Introdución os sistemas de perspectiva.*
- *Movimentos do plano.*
- *Trazados de tanxencias.*
- *Deseño, a fotografía, o retoque fotográfico.*
- *A edición de vídeo.*

Departamento de Física e Química

O que buscamos é o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

- *Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.*

- *Tamén se empregará a biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.*
- *A finalidade deste plan é fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas e empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programación, proxectos, explicacións, actividades...*
- *Para conseguir todo isto levaremos ao alumnado á sala de ordenadores para que aprendan a buscar información e traballar en páxinas web axeitadas a cada nivel. A incorporación de taboleiros dixitais ás aulas de 3º e 4º durante este curso permitirá traballar dunha forma máis continuada con contidos dixitais.*
- *Están elaborados contidos empregando software SMART Notebook para traballar na aula tanto en Física como en Química. Estes recursos dixitais serán un complemento das clases ordinarias e permiten a presentación das unidades didácticas dunha forma máis visual con debuxos, gráficos precisos e animacións.*
- *Dispoñemos de recursos elaborados con Neobook para practicar o tema relacionado cos sistemas de medida e cambios de unidades empregando factores de conversión.*
- *Tamén usaremos os diversos laboratorios virtuais que existen na rede para traballar contidos de Física e Química que non podemos realizar no noso laboratorio.*
- *En cursos anteriores efectuamos a gravación dos traballos prácticos realizados no laboratorio e que serven para expoñer estes temas ao alumnado en forma de presentacións e vídeos curtos. Isto permite que o alumnado chegue ao laboratorio xa con información do que ten que facer e permite aproveitar mellor o escaso tempo de que dispoñemos. Un resumo destas actividades están colgadas na páxina web do IES dentro do apartado “departamentos>Física e Química”.*
- *Son tamén de gran utilidade os recursos elaborados dentro do Proxecto Newton que contan con explicacións, animacións e exercicios de autoavaliación. Algún dos temas foron adaptados en cursos anteriores para o noso alumnado.*
- *Empregamos a páxina web do centro para ir colgando información de interese catalogado por niveis e dividida en contidos de Física, Química e ciencias en xeral. Poden atoparse animacións flash, exercicios e enlaces a páxinas web doutros autores que consideramos axeitadas para o noso alumnado.*
- *Seguindo a tendencia dos últimos anos para este curso xa temos operativa a aula virtual dentro da plataforma Moodle e na que o departamento xa dispón de dous cursos para realizar polo alumnado. Na medida do posible intentaremos aumentar o número de*

actividades na web en vista da boa acollida que tiveron por parte do alumnado o curso pasado. Xa están a disposición do alumnado de 3º e 4º de ESO os temas da parte Química, con actividades e exercicios de autoavaliación. A información e tratamento da información das prácticas de Cinemática de 4º de ESO tamén está dispoñible na aula virtual.

- *Posto que o uso de follas de cálculo resulta moi útil para o procesado de datos experimentais é obrigatorio para o alumnado de 4º de ESO entregar os resultados das prácticas de Cinemática empregando este soporte. Desta forma fomentamos o uso de ferramentas dixitais como complemento da toma de datos e presentación de resultados en forma de táboas e gráficos como parte do método científico de traballo.*

Departamento de Francés

- *Busca de información en Internet.*
- *Utilización de CDs de aprendizaxe con recoñecemento de voz.*
- *Realización de exercicios fonéticos, léxicos, gramaticais, e en liña.*
- *Resolución de cazas do tesouro e Webquest sobre personaxes famosos franceses e temas socio-culturais.*
- *Utilización de tradutores en liña.*
- *Utilización de distintos programas informáticos para a realización de traballos.*
- *Realización de presentacións para intercambiar traballos cos nosos correspondentes franceses.*

Departamento de Galego

Non podemos enfocar unha didáctica da lingua e da literatura na actualidade sen termos en conta os cambios que xa se produciron na sociedade e, tamén no ensino, especialmente nos medios de comunicación .

Co obxecto de incorporar as TIC ao currículo escolar, realizaranse ao longo do curso diferentes traballos encamiñados a afianzar as destrezas básicas no manexo de:

- *Procesadores de textos.*
- *Internet como fonte de documentación e acceso á información. En INTERNET procuraremos a información precisa para realizar traballos diversos relacionados coa nosa materia, substituindo a charla do profesorado por unha notas orientativas que permitan ao alumnado seleccionar a información que lles proporcione uns*

coñecementos adecuados, intentando que o alumnado amose interese pola investigación.

- *Dicionarios dixitais, enciclopedias e webs educativas.*
- *Coñecemento e emprego de páxinas interesantes para a nosa materia.*
- *Recorrerese ás TIC como ferramenta útil para o estudo.*

Así, poderanse traballar aspectos da materia como a ortografía, a morfoloxía ou o léxico, a través de actividades con soporte dixital que aportarán un compoñente lúdico a un traballo, moitas veces, percibido con certo tedio por parte das alumnas e dos alumnos.

Departamento de Inglés

Dun xeito non planificado, as TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) véñense empregando como instrumentos de traballo na aula de inglés, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado, fundamentalmente en canto á presentación de materiais e libro dixital (profesorado) e busca de información (alumnado) cos obxectivos de:

- *Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira.*
- *Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas.*
- *Facilitar o acceso á información en soporte dixital.*
- *Investigar e contrastar información.*
- *Facer un uso axeitado de Internet e das redes sociais.*
- *Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc.*
- *Crear documentos en formato dixital.*
- *Descargar e compartir recursos.*

Para elo concretamos o uso das novas tecnoloxías nos seguintes puntos:

INTERNET COMO FONTE XERAL DE INFORMACIÓN

- *Internet proporciona acceso a moita información de todo tipo: lúdica, noticias, formativa, profesional...Pero a maiores supón unha fonte inesgotable de recursos educativos para a área de Inglés con unidades didácticas, exercicios interactivos, información profesional, etc.*
- *Non podemos esquecer tampouco a posibilidade que ofrece de acceder a canais de comunicación e intercambio en lingua inglesa (chats, foros, e-mail...).*

- *É ademais unha ferramenta de traballo que permite obter un alto grao de interdisciplinabilidade.*

O CORREO ELECTRÓNICO

- *O correo electrónico é xa unha gran ferramenta telemática para a comunicación interpersonal. Como ferramenta educativa na aula de Inglés, permite a comunicación entre docentes ou alumnos/as en lugares distantes. Así pois, representa unha oportunidade máis de posta en práctica da Lingua Estranxeira.*

O PROCESADOR DE TEXTO COMO FERRAMENTA DE APRENDIZAXE

Compre varias funcións de cara á aprendizaxe do idioma:

- *Como ferramenta de traballo mellora a presentación do escrito*
- *Permite a reelaboración a través da corrección e mellora do realizado.*

Esta reelaboración pode darse de forma individual, pero será máis rica sei se fai entre varios/as alumnos/as (simultánea o consecutivamente) e en interacción co profesorado.

WEBQUESTS

- *Ó longo do curso o profesorado do departamento poderá empregar este formato de busca de información dentro do desenvolvemento do currículo para explotar a temática que considere máis oportuna dun xeito máis lúdico. A WEBQUEST consiste nunha busca guiada a través dunha serie de pasos, de información sobre un tema concreto. A información polo xeral estará extraída doutras páxinas web e o profesorado poderá crealas a través de ferramentas como as que ofrece Aula 21 (www.aula21.net).*

ELABORACIÓN DE PRESENTACIÓNS MULTIMEDIA EN DISTINTOS FORMATOS

- *As presentacións multimedia poden ser elaboradas polo profesorado destinadas a ser utilizadas polo alumnado. Non obstante, interésanos que sexa este o que poda facer uso das novas tecnoloxías para presentacións. Dende o Departamento de Inglés tratarase de animar ao alumnado ao emprego de novos soportes á hora de presentar un traballo de investigación.*

USO DA AULA VIRTUAL DO CENTRO E DE ARQUIVOS COMPARTIDOS NA NUBE

- *Para a presentación de materiais, envío de tarefas,...*

Departamento de Lingua Castelá e Literatura

A integración curricular das novas tecnoloxías aumenta a motivación do alumnado e facilita a súa formación dunha forma lúdica, flexible e personalizada axustándose ás necesidades individuais en cada momento. Co obxectivo de

incorporar as TIC ao currículo escolar, realizaranse ao longo do curso distintos traballos encamiñados a afianzar as destrezas consideradas básicas no manexo destes recursos:

- *Emprego de procesadores de textos para a presentación de traballos. Os procesadores de texto serán aliados na mellora da capacidade comunicativa do alumno, sobre todo porque lle animarán a mellorar en dúas das facetas nas que máis dificultades adoita encontrarse, a de escribir e a de ler.*
- *Uso de Internet como fonte de documentación e acceso á información. Nesta materia, a busca de información ten un papel relevante, polo que o alumno debe ser capaz de seleccionar aquela que lle proporcione uns coñecementos que, á súa vez, lle permitan a mellora das súas destrezas comunicativas. O uso de Internet convértese nun instrumento privilexiado, aínda que non único, para esa finalidade.*
- *Emprego de dicionarios dixitais, enciclopedias e webs educativas.*
- *Coñecemento e emprego de páxinas especialmente interesantes para a materia.*
- *Recorrerase ás TIC como ferramenta útil para o estudo. Así, poderanse traballar determinados aspectos da materia, como a ortografía, a morfoloxía ou o léxico, a través exercicios con soporte dixital, o que achegará un compoñente lúdico a un traballo que moitas veces é percibido con certo tedio polo alumnado.*

Departamento de Matemáticas

- *Participación no proxecto E-DIXGAL, no primeiro curso da ESO, utilizando preferentemente os materiais que facilita este proxecto.*
- *Participación no proxecto Abalar, no segundo curso da ESO, procurando unha utilización racional pero importante ao dispor a diario destas ferramentas.*
- *Utilización, cando sexa posible, das aulas de informática (reparto de horas entre os profesores/as). Unha ou dúas veces ao mes, porque non é factible poder realizar máis sesións; e utilización dos recursos en rede que se ofrecen desde distintas páxinas web, como por exemplo as do Ministerio de Educación e Ciencia.*
- *Busca de información dirixida e individualizada a realizar na casa, tendo en conta que cada vez é máis frecuente que o alumnado dispoña de acceso a internet.*
- *Utilización de programas que permitan un traballo dos conceptos explicados na clase e que lle dean ao alumnado unha formación extra, como poden ser LibreOffice Calc ou Geogebra, co que se farán algunhas actividades concretas.*
- *Visualización de vídeos e fotografías nas que se reflicta a presenza das matemáticas na vida cotiá. Traballo de campo na consecución de material deste tipo.*

Departamento de Música

A utilización das TIC é fundamental durante a ESO, tal e como se aprecia ao examinar o terceiro bloque de contidos “Música e tecnoloxías” de cuarto da ESO ou en moitos dos contidos de segundo e terceiro. A utilización da informática musical e da Internet estará presente en das unidades didácticas expostas. En cuarto da E.S.O. na unidade didáctica “Informática musical” na que o alumnado deberá utilizar un secuenciador para realizar as súas propias producións.

A utilización de diferentes fontes de información trátase en moitas das unidades de todos os cursos a través da realización de traballos de investigación así como busca e lectura de noticias de prensa relacionadas co mundo sonoro.

Departamento de Orientación

RELACIONADAS COA ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO:

- *Rexistro informático das intervencións levadas a cabo co alumnado.*
- *Uso do correo electrónico como ferramenta de comunicación no Departamento (convocatorias de reunións, distribución de materias, distribución de documentos de traballo do departamento ...)*
- *Substitución do libro de actas manuscrito por libro de actas dixital.*

RELACIONADAS COS OBXETIVOS E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO:

- *Elaboración e posta en marcha dun blog do Departamento de Orientación enfocado a alumnado, familias e profesorado (banco de recursos para a acción tutorial, recursos para as familias, información sobre orientación académica, novidades relacionadas coa educación ...)*
- *Orientación académica: publicouse no blog do departamento de orientación o programa Orienta, para traballar co alumnado a orientación académica e profesional baseándose neste programa.*
- *Boletín Escola de Pais: mensualmente publícase no blog do departamento un Boletín monográfico orientado ás familias do alumnado.*
- *Aula de PT: uso de ordenador como ferramenta para traballar determinadas actividades co alumnado.*

RELACIONADAS COA XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA:

- *Asesoramento ao Equipo Directivo para a introdución do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo na aplicación Drdadi da páxina da Consellería de Educación.*

- *Introdución dos datos correspondes na aplicación DrdOrienta da páxina da Consellería de Educación.*

Departamento de Relixión

Dado que no centro está implantado o Proxecto E-DIXGAL en 1º ESO e o proxecto Abalar en 2º ESO, faremos unha utilización axeitada dos recursos que estes proxectos nos brindan. Nos outros niveis seguiremos actuando tal como os cursos anteriores intentando levar aos alumnos o maior tempo posible a unha aula de Informática.

Dende as clases de Relixión contribuímos ao logro dos obxectivos do Plan Anual de Formación Dixital do Centro mediante a realización de diversas accións cos nosos alumnos tales como:

- *Uso educativo das redes sociais para compartir saberes, técnicas e recursos.*
- *Presentación de traballos nas aplicacións máis actuais na medida en que as posibilidades técnicas e a formación dos propios alumnos o permitan. Como mínimo farán uso dun procesador de textos.*
- *Creación de canles de comunicación con outros alumnos de Relixión doutros centros da mesma localidade e outras.*
- *Uso da Aula virtual do centro.*
- *Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Arquidiocese, Conferencia Episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.*
- *En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.*
- *Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación e expresión católicos.*

Departamento de Tecnoloxía

O currículo de tecnoloxía inclúe contidos cuxos obxectivos son que o alumno coñeza os sistemas informáticos, que utilice internet para localizar información, que empregue os diversos sistemas de comunicación que proporcionan as T.I.C., que coñeza o uso de programas básicos (procesador de textos, base de datos, folla de cálculo, deseño gráfico,...) e adopte unha aptitude crítica e responsable no uso das novas tecnoloxías.

Por lo tanto, a área de tecnoloxía ten un papel fundamental no proceso de implantación das T.I.C. no proceso educativo. A materia de tecnoloxía é a encargada da formación inicial do alumnado no que respecta ao uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, para despois estender este uso ás demais materias que utilicen as T.I.C. na súa práctica docente.

Por outra parte, debe destacarse a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de simulación de procesos tecnolóxicos.

Entre outras actividades destácanse:

- *Presentacións dixitais para a exposición dos distintos temas.*
- *Animacións de sistemas tecnolóxicos.*
- *Uso de simuladores de electricidade/electrónica (Crocodrile Clip, Electronic Workbench, PCB Wizard, Automotiom Studio..).*
- *Uso de simuladores de pneumática e hidráulica (Pneusim, Automation Studio).*
- *Uso de simuladores de mecánica (Crocodrile Clip, Relatran).*
- *Proxección de vídeos didácticos.*
- *Elaboración de Webquest.*
- *Uso de páxinas Web con contidos tecnolóxicos. Debido ó elevado número de enlaces que se poderían xuntar, só nomearemos aqueles que consideramos de maior interese, non por elo, mellores que outros que queden sen mencionar:*

<http://es.wikipedia.org>: enciclopedia de contido libre

<http://www.tecnotic.com>: ofrece múltiples recursos para a área de tecnoloxía. É posible consultar animacións, webquest, vídeos, software, actividades interactivas, enciclopedias e xogos.

<http://concurso.cnice.mec.es/cnice2006/material107/index.htm>: páxina de mecánica para a ESO.

<http://www.librosvivos.net>: páxina da editorial S.M.

<http://es.youtube.com/user/triac135>: ofrece unha moi completa colección de vídeos educativos enfocados á ensinanza da electrónica.

<http://www.apetega.org>: ten unha recompilación de ligazóns para o ensino da tecnoloxía organizados por bloques temáticos.

Biblioteca

A biblioteca do centro intenta integrar o uso das novas tecnoloxías nos distintos ámbitos nos que está a traballar:

- *No rexistro, catalogación e localización dos fondos documentais a través do programa en liña MEIGA.*
- *No acceso ás fontes de información en soporte dixital, incorporando equipos informáticos no seu espazo: PCs, impresoras, conexión sen fíos e libros electrónicos (e-books).*
- *Na formación de usuarios familiarizando aos membros da comunidade escolar coa consulta en liña do catálogo MEIGA.*
- *Na difusión das súas actividades a través do blog do Club de Lectura Laretas <http://laretas.blogspot.com.es/> e da páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iespoetaanon>, no apartado BIBLIOTECA.*
- *No desenvolvemento da competencia informacional do alumnado de 1º ESO dentro da materia de Proxecto Interdisciplinar. O profesorado encargado da docencia desta disciplina traballa en coordinación coa biblioteca, fomentando a adquisición de competencias básicas como o tratamento da información e a competencia dixital.*

Atención ao alumnado con necesidades específicas.

O acceso ás TIC ten que ter en conta o tratamento á diversidade e non pode supor ningún tipo de discriminación por ningún motivo. Por esa razón, adoptaranse medidas que garantan uns mínimos no uso das TIC, de xeito que todo o alumnado, tamén aquel con necesidades educativas especiais, acaden o coñecemento e o manexo das ferramentas informáticas básicas.

As medidas serán as seguintes:

- *Emprego de software adecuado para cada problema (dislexias, discapacidades visuais, discapacidades auditivas, e en xeral calquera tipo de discapacidade).*
- *Emprego de recursos informáticos nas aulas de apoio.*
- *Utilizar internet para a realización de actividades específicas de reforzo.*
- *No caso de hospitalización dalgún alumno ou alumna, contar con materiais de traballo que se poidan achegar e realizar a distancia.*

Medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade.

No desenvolvemento deste proxecto terase en conta que ningún grupo de alumnos/as do centro quede sen realizar actividades TIC ao longo do curso.

Precisamente esta idea de chegar a todo o alumnado facilita que se rompa a tendencia que, en ocasións, se observa de que sexan os rapaces os máis tendentes a saber ou usar as novas tecnoloxías fronte ás rapazas, pois todos traballarán coas TIC do mesmo xeito.

O profesorado deberá estar atento á detección de posibles dificultades que poida ter algún alumno ou alumna para estar en condicións de igualdade con respecto aos seus compañeiros no que atinxe ao uso das novas tecnoloxías.

Medidas para evitar o ciberacoso.

Un dos problemas máis graves que poden aparecer co uso nas novas tecnoloxías nun centro educativo é o coñecido como ciberacoso. Este problema non é doado de controlar nin de previr, sen embargo si é posible pensar en diversas medidas que dificulten a súa presenza entre o alumnado do centro.

As medidas serán as seguintes:

- *Coñecer, por parte do profesorado, o funcionamento de internet e das redes sociais.*
- *Informar sobre os perigos do uso sen prevención de internet e das redes sociais. Para isto contamos desde fai varios cursos coa colaboración de persoal da Garda Civil, en concreto, con especialistas en delitos informáticos.*
- *Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora, utilizar filtros para evitar o acceso a páxinas pouco recomendables, ...)*
- *Aplicar as normas de uso, xa establecidas, dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder ...)*
- *Empregar sistemas de control e filtrado (facer revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan sabendo eles que se está a facer, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados ...)*
- *Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.*
- *Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas.*
- *En aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.*

- *Aconsellar ao alumnado para que controle a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos ...) Resulta o máis importante como prevención e é fundamental para non acosar nin ser acosados, así como para non tolerar ningunha forma de acoso.*

En concreto, algunhas recomendacións habituais son:

- *Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.*
- *Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede.*
- *Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios, datos do centro educativo, etc ..., tampouco datos persoais de terceiras persoas.*
- *Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgunha web.*

O profesorado deberá estar atento a calquera síntoma ou indicio que indique a posibilidade da existencia de ciberacoso e participar na concienciación dun uso axeitado e respectuoso das novas tecnoloxías.

Avaliación do Plan Anual de Formación Dixital.

O coordinador TIC realizará unha avaliación continua do emprego das TIC para tratar de solucionar as posibles dificultades o antes posible. Esta avaliación reflectirase nunha valoración sobre o grao de consecución dos obxectivos programados para cada ano e nos diferentes sectores da comunidade educativa: profesorado, pais e nais e alumnado.

Alguns dos indicadores principais para a avaliación serán:

- *Tense en conta ao alumnado con necesidades educativas especiais.*
- *Todo o alumnado do centro participa do uso e emprego das TIC sen discriminación de nivel educativo, proceso de maduración, dificultades de aprendizaxe, sexo ou calquera outro tipo de discriminación.*
- *Contribúe á consecución dos obxectivos pedagóxicos de cada unha das áreas, cursos e ciclos, así como ás adaptacións curriculares individualizadas.*
- *Hai equipos dispoñibles para toda a comunidade educativa.*
- *Empréganse as TIC como soporte de comunicación e de intercambio de información e experiencias.*

- *Propicia actitudes e valores de respecto aos contidos e formas de ser doutras comunidades educativas e sociais, promovendo a tolerancia, a non discriminación e a interculturalidade.*
- *O profesorado formouse no emprego das TIC.*
- *Promove as accións innovadoras na educación.*
- *O grao de satisfacción do alumnado no emprego das TIC na aula é bo.*
- *O grao de satisfacción do profesorado no emprego das TIC na aula é bo.*
- *A consecución dos obxectivos específicos expresados no Plan Anual de Formación Dixital.*

Medidas para a difusión deste proxecto.

Empregarase a páxina web do centro IES Poeta Añón como principal canle de información do proxecto e dos Plans de Formación Dixital que se elaboren anualmente. Ademais farase constar aqueles aspectos máis salientables en relación coa incorporación das TIC á vida académica do centro (formación do profesorado, materiais elaborados, novas dotacións en material informático, calquera outra novidade de interese para a comunidade educativa).

O desenvolvemento deste proxecto e o grao de consecución dos obxectivos propostos precisa dunha implicación activa de toda a comunidade educativa e, en especial, do profesorado do centro.

Plan de actuación.

Membros do equipo TIC

Coordinador TIC

- *Rosalino García Novo*

Mantemento e actualización da páxina web do centro

- *Daniel Losada Andreu*
- *M^a Dolores Martínez Martínez*
- *Manuela Campos Agrafojo*

Descrición da situación actual.

Antes de expoñer as liñas do plan de actuación para este curso académico é preciso facer un estudo previo da situación das novas tecnoloxías no centro para detectar as necesidades e carencias.

En xeral, pártese dun equipamento relativamente bo e que foi obxecto de melloras continuas nos últimos cursos académicos. Entre outros aspectos cabe destacar:

- *Neste curso 2018-2019 temos novo equipamento nas aulas de 1º de ESO ao adherirse o centro ao proxecto E-DIXGAL.*
- *No curso 2010-2011 instaláronse proxectores e encerados brancos nas aulas de 3º e 4º de ESO, xunto con portátiles que xa había no centro. Na actualidade os dous encerados brancos foron substituídos por encerados dixitais interactivos e foron actualizado os portátiles.*
- *No curso 2010-2011 instaláronse os equipamentos das aulas Abalar de 1º de ESO, substituídos agora polos do proxecto E-DIXGAL. No curso 2011-2012 instaláronse en 2º de ESO. Dentro do proxecto Abalar tamén se instalou un servidor de contidos e recursos educativos, permitindo ao mesmo tempo unha xestión máis eficiente do mantemento de equipos do centro.*
- *No curso 2009-2010 realizouse unha inversión importante para renovar os ordenadores dunha das aulas de informática con 19 novos ordenadores.*
- *Nos últimos cursos mercáronse algúns equipos portátiles para o seu uso nos departamentos mencionados anteriormente.*

Como carencias máis importantes cabe destacar:

- *A dificultade do mantemento que facilite que os equipos estean nas mellores condicións de uso.*
- *O uso puntual e non xeneralizado das novas tecnoloxías por parte da comunidade educativa, incluíndo neste punto o uso das aulas Abalar e E-DIXGAL.*
- *O descoñecemento que unha parte do profesorado ten sobre o uso do encerado dixital interactivo e, polo tanto, das súas posibilidades.*
- *En xeral, é baixo o grao de coñecemento de software educativo por parte do profesorado, o que implica un menor uso dos recursos tecnolóxicos dos que dispón o centro.*
- *A páxina web do centro está sendo utilizada por debaixo das súas posibilidades, aínda que se avanzou neste aspecto curso a curso.*
- *As posibilidades de interacción dunha gran parte do alumnado coas TIC limitáanse practicamente ás actividades realizadas no centro e ao uso de redes sociais.*

Obxectivos para este curso.

- *Realizar a formación necesaria para un aproveitamento dos recursos do proxecto E-DIXGAL.*

- *Actualizar o inventario de medios informáticos e audiovisuais do centro.*
- *Establecer unha estratexia común para a comunicación e resolución de incidencias de hardware e software.*
- *Fomentar o manexo dos proxectores dispoñibles nas aulas, salientando a súa importancia para a introdución das TIC na aula.*
- *Fomentar o emprego do servidor do centro como elemento que permite almacenar e utilizar recursos educativos evitando así os posibles problemas que pode presentar a dependencia da conexión ao exterior.*
- *Fomentar o uso da web do centro para que sexa un referente da actividade educativa e dirixida a toda a comunidade do centro.*
- *Informar sobre as posibilidades de formación en novas tecnoloxías que o profesorado ten á súa disposición utilizando o correo electrónico, explicando, na medida do posible, en que consiste cada unha das actividades de formación.*
- *Fomentar a creación de grupos de profesorado que realicen actividades de formación no propio centro.*
- *Atender as demandas específicas do profesorado, na medida do posible, sobre software específico relacionado coa actividade docente.*

Planificación.

Este plan de actuación artículase atendendo aos obxectivos enumerados anteriormente. Durante o primeiro trimestre realizarase un seguimento dos equipos informáticos, especialmente dos de uso compartido, para verificar o seu estado e asegurar o seu correcto funcionamento. Ademais, porase en marcha un protocolo de comunicación de incidencias informáticas que axilice a súa correcta notificación e permita unha mellor e máis rápida resposta para a súa resolución.

Durante o segundo e terceiro trimestre, realizarase o inventario dos recursos informáticos do centro. Tamén se establecerán estratexias para a coordinación do profesorado en relación co uso das TIC, a comunicación de cursos de formación e todo tipo de información de interese. Desenvolverase tamén unha normativa específica para o uso das aulas de informática, fomentarase o emprego dos proxectores instalados nas aulas. Finalmente porase en valor a biblioteca do centro como lugar para a busca o consulta de información en liña.

Esta planificación está suxeita á dispoñibilidade horaria coa que conta o coordinador TIC e depende directamente do número de incidencias informáticas que teñan lugar ao longo do ano académico.

Formación do profesorado. Detección de necesidades formativas.

Tal e como se recolle nos obxectivos, fomentarase a creación de grupos de traballo e/ou seminarios permanentes que permitan unha maior competencia dixital do profesorado. Neste curso teremos formación específica sobre o entorno virtual de aprendizaxe do proxecto E-DIXGAL.

Dende a coordinación TIC proporase unha maior competencia en software libre, tanto no que se refire a programas informáticos como ao propio sistema operativo. Á parte dos ordenadores Abalar que xa dispoñen de Linux, este sistema operativo tamén é utilizado nos ordenadores da biblioteca, nos ordenadores de aula e nas dúas aulas de informática, tendo comprobado a súa eficiencia e facilitando de xeito considerable o mantemento en bo estado dos equipos informáticos.

Avaliación do Plan Anual de Formación Dixital – Curso 2018-2019.

O obxectivo desta avaliación será coñecer en que grado se conseguiron os obxectivos propostos, as modificacións introducidas na programación e os motivos destas, sinalando os logros e as deficiencias detectadas. Así, avaliaranse ao remate do curso cada un dos obxectivos propostos de cara a determinar en que grado foron logrados, a súa necesidade de actualización para futuros plans anuais e a idoneidade dos mesmos.

Estes obxectivos específicos deberán tamén determinar en que grao se están conseguindo os obxectivos xerais do Plan Anual de Formación Dixital, polo que debemos considerar en que medida cada obxectivo específico deste plan anual actúa sobre:

- *A influencia dos aspectos organizativos (espazos e equipamentos) no proceso de integración curricular das TIC no centro.*
- *As accións formativas en TIC realizadas e a súa adecuación ás necesidades que se planean.*
- *O grao de participación do profesorado e alumnado nas actividades propostas.*
- *As expectativas que xera a introdución das TIC respecto á posibilidade de cambios significativos nos procesos de ensino-aprendizaxe e na práctica profesional do profesorado.*

..... Outes (2018-2019)